

MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS DE GALICIA, A ASOCIACIÓN INTERSECTORIAL E INTERTERRITORIAL DE AUTÓNOMOS E PEQUENAS EMPRESAS DE GALICIA (APE GALICIA), ASOCIACIÓN DE TRABALLADORES POR CONTA PROPIA DA COMUNIDADE DE GALICIA (ATA GALICIA E ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRABAJADORES AUTÓNOMOS Y DEL MAR (AGTAMAR), PARA APOIO NO PROGRAMA DE REMUDA XERACIONAL DE NEGOCIOS (CÓDIGO DE PROCEDIMIENTO TR353D).

Obxecto e finalidade

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais, está interesada en subscribir un novo convenio de colaboración en 2025 coas tres asociacións de persoas autónomas máis representativas en Galicia.

O colectivo de persoas emprendedoras atópanse entre os tres destinatarios primordiais das políticas activas de emprego. Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en execución dos programas de promoción do emprego e apoio aos e ás emprendedoras, asume como unha das súas prioridades básicas o fomento de todo tipo de actuacións que favorezan a creación de emprego, apoiando todas as actuacións que posibiliten a creación de proxectos emprendedores.

En novembro de 2023, o Consello da Xunta aprobou a "Estratexia Impulso Autónomo: Horizonte 27", coa finalidade de potenciar a percepción do emprego autónomo como a vía óptima para que calquera persoa poida desenvolver o seu proxecto profesional de xeito equilibrado coa súa vida persoal, aproveitando as vantaxes que presenta en canto á súa flexibilidade na organización e planificación do traballo; O emprego autónomo ofrece a oportunidade, mellor que ningunha outra fórmula, para deseñar un itinerario profesional á medida das necesidades e circunstancias da persoa traballadora.

O Eixe 2 da citada Estratexia: *"Fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo en Galicia"*, recolle como uha das súas liñas de actuación a de "Potenciar a remuda xeracional mediante un programa experto de transmisión, cun espazo virtual de matching e un encontro anual de referencia."

A tal fin publicouse o día 17 de xaneiro de 2025 no Diario Oficial de Galicia a Orde do 27 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de axuda as persoas traballadoras autónomas, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento TR341D, TR790A, TR341Q, TR353D e TR341R), que inclúe no seu capítulo V, o Programa IV: Bono Remuda para o fomento do relevo xeracional de negocios (TR353D)

Tanto a Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas



Empresas de Galicia (APE Galicia), como a Asociación de Traballadores por Conta Propia da Comunidade de Galicia (ATA Galicia) e a Asociación Gallega de Trabaxadores Autónomos y del Mar (AGTAMAR), son entidades sen fins de lucro constituídas por persoas autónomas e pequenas empresas que desenvolven a súa actividade nos diferentes sectores de actividade económica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

As tres Asociacións están presentes na Mesa do Emprego Autónomo e actúan como interlocutoras entre o tecido de profesionais autónomos e a administración galega, de xeito que se considera oportuno subscribir con elas este convenio de colaboración, cuxos obxectivos se enmarcan no ámbito competencial e de actuación das tres Asociacións, posibilitando así apoio e información para os Plans de negocio das iniciativas empresarias que opten á remuda dun negocio por motivo, así como a inclusión na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia de todos aqueles negocios dos que teñan coñecemento e que se atopan próximos ao peche que por falta de remuda xeracional ou por circunstancias persoais das persoas promotoras.

Financiamento

Os gastos das actuacións previstas no convenio financiaranse con fondos propios asignados á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, mediante a achega de 30.000 € (trinta mil €) recollidos na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e que se imputarán á aplicación orzamentaria **14.02.322C481.3**.

CLASIFICACIÓN ORGÁNICA, FUNCIONAL E ECONÓMICA

Sección 14: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Servizo 02 : Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais

Programa de Gasto 322C: Promoción do emprego e do mercado de traballo inclusivo

Clasificación económica 481.3 : Fomento da Asociacións de Autónomos

Código de proxecto: 2015 00494

ENCAIXE NO PEG 22-30:

O Código de proxecto 2015 00494

EIXO: E1. O reto demográfico

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada



OBXECTIVO ESTRATÉXICO: OE03 - Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo.

OBXECTIVO OPERATIVO: OI01 – actuacións de soporte e apoio

Gastos subvencionables:

Ao abeiro deste Convenio serán subvencionables os gastos realizados entre a data de publicación no Diario Oficial de Galicia da convocatoria do Programa de Remuda xeracional de negocios (Procedemento TR353D) e o 1 de novembro de 2025, e que respondan á natureza das actividades subvencionadas:

1. Gastos de emisión de informes de valoración do Plan de negocio : 150 € por cada informe. Emitirase un único informe para cada Plan de negocio.
2. Gastos de asesoramento e apoio a aqueles negocios que formalicen a súa integración na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia: 100 € por cada un dos negocios que se inclúa na citada Bolsa

Ambos gastos teñen como límite financeiro 10.000€ para cada unha das 3 asociacións asinantes do convenio

Custo das actividades subvencionables:

Tanto a emisión de informes de valoración dun Plan de negocio, que implica o su estudo e análise (150 € por cada informe) como o asesoramento e apoio a negocios que se integren na Bolsa de remuda de negocios da Xunta de Galicia (100 € por cada un dos negocios que se inclúa), terían un prezo de mercado moi superior ao importes que se recollen no presente convenio, estando nunha horquilla estándar de prezos, dependendo do tipo de negocio, da súa complexidade, das súas necesidades estratéxicas etc.) de entre 300€ nos casos básicos (varias xuntanzas, elaboración de documentos, análise etc) ata máis de 1.500€, de maneira que como se sinalou, as accións que subvenciona o presente convenio non teñen carácter contractual senón que responden á colaboración que a xunta de Galicia establece con APE, ATA E AGTAMAR no marco da representatividade que ostentan en Galicia, como así se reflicte nos datos que figuran nesta Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais así omo no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

Fernández López Pablo
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais



ANEXO I

I. CADRO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

I.1. CADRO XERAL

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/ Gastos subvencionables	Importe ano 2025	TOTAL
Actuación	Gastos de persoal	0 €	0 €
	Subministracións e servizos	0€	0 €
	Outros*	150€- Informes Plan de Negocio 100€- Apoio integración Bolsa Remuda	10.000 €
	TOTAL por ASOCIACIÓN	15.000 € (3 Asociacións)	10.000 € (3 Asociacións)
	TOTAL GLOBAL	45.000€	30.000€

* *Gastos de emisión de informes*

1.2. DETALLE CADRO DE PERSOAL

Categoría Profesional	Tipo de contrato (indefinido/ temporal)	Salario anual (con pagas extras)	Complementos salariais	Seguridade Social	Outros	TOTAL





ANEXO II: MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES

Tipolo xía actuación	Tipoloxía gastos subvencionables	Importe convocatoria	Importe convocatoria anterior	Execución	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación
Actuación	Gastos de persoal				0	0 %	----
	Subministracións e servizos	-	-	-	0	0 %	----
	Outros	30.000*	----	---	----	----	----

*10.000€ por cada Asociación (3)

ANEXO III: CÁLCULO DE ORZAMENTO CON PREZOS UNITARIOS

Gastos subvencionables	Prezo anual	Prezo unitario (mes)	Nº unidades	Orzamento total
1. Gastos de persoal	0,00 €			
2. Subministracións	0,00 €			
3. Servizos	0,00 €			
Outros: Emisión de informes*	3.000€- Informes Plan de Negocio 7.000€- Apoio integración Bolsa Remuda	150€- Informes Plan de Negocio 100€- Apoio integración Bolsa Remuda	30 70	10.000€* (cada unha das 3 Asociacións)
TOTAL	10.000€ (Cada unha das 3 Asociacións)= 30.000€			30.000€





--	--	--	--	--

Cadro de territorialización do gasto

Provincia	Porcentaxe de participantes por provincia	IMPORTE PORCENTUAL POR PROVINCIA
A CORUÑA	35%	10.500€
LUGO	15%	4.500€
OURENSE	15%	4.500€
PONTEVEDRA	35%	10.500€

ANEXO IV-: Cadro de fitos e obxectivos.

Plan Estratégico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador/es	Fito
PAFED 2024 (Resolución do 15/07/2024 – BOE nº 173, do 15 xullo)	Non	Consolidación do emprego autónomo	P00076/Entidades beneficiadas.	3

